

Plan xeral de atención á diversidade

APROBADO
en Claustro

Xuño ★ 2017



Instituto de Ensino Secundario Val Miñor



Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.....	4
3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES.....	6
4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.....	7
5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E /OU PROGRAMAS.....	8
5.1. Medidas preventivas.....	8
5.2. Medidas de apoio ordinario.....	9
Adecuación da estrutura organizativa do centro.....	9
Adecuación das programación didácticas ao contorno e ao alumnado.....	9
Metodoloxías que promovan a inclusión.....	9
Adaptación dos tempos e instrumentos e procedementos de avaliación.....	9
Medidas destinadas á mellora da convivencia.....	9
Desdoblamento de grupos.....	9
Reforzo educativo e apoio do profesorado.....	9
Programas de enriquecemento curricular.....	10
Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.....	10
Programas de recuperación.....	10
Programas específicos personalizados.....	10
Programas de habilidades sociais.....	10



5.3. Medidas extraordinarias.....	11
a) Adaptacións curriculares.....	11
a.1) Información recollida.....	11
a.2) Criterios fundamentais.....	11
a.3) Referente de avaliación.....	12
b) Agrupamentos flexibles.....	12
c) Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.....	12
d) Flexibilización da duración do período de escolarización.....	12
e) Programas de mellora da aprendizaxe e rendemento (PMAR).....	12
f) Ciclos de formación profesional básica.....	13
g) Atención educativa hospitalaria e domiciliaria.....	13
h) Grupos de adquisición das linguas.....	14
i) Grupos de adaptación da competencia curricular.....	14
6. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DE MEDIDAS PROPOSTAS.....	15
7. DISTRIBUCIÓN DE RESPONSABILIDADES.....	16
8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN.....	17
9. CANLES DE COLABORACIÓN.....	18
10. SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.....	20
10.1. Adaptacións curriculares.....	20
10.2. Flexibilización do período de escolarización.....	20
10.3. Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento.....	20
10.4.- Formación Profesional Básica.....	21
11. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	23



1. INTRODUCCIÓN

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretanse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

A preocupación deste plan reside fundamentalmente na necesidade de profundizar dunha forma sistémica naqueles elementos de carácter pedagóxico, organizativo e relacional destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado do noso centro educativo.

A lexislación está cambiando de xeito continuo polo que cremos necesario recoller os novos procedementos de actuación previstos e renovar os xa existentes.

O decreto 229/2011, do 7 de decembro divide as medidas de atención á diversidade en ordinarias e extraordinarias. Facendo referencia ás primeiras a aquelas que facilitan a adecuación do currículo obrigatorio ao contexto sociocultural da zona e ás características do alumnado. De resultaren insuficientes estas para algúns alumnos ou alumnas con necesidade específica de apoio educativo aplicaranse as medidas que poden requirir modificacións significativas do currículo ou extraordinarios cambios organizativos.

Corresponde a este plan explicitar o traballo organizativo e curricular que o IES VAL MIÑOR diseña e desenvolve para que a totalidade do alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal e social posible e, sobre todo, naqueles casos que presenta **necesidades educativas especiais** (discapacidade física, intelectual, sensorial auditiva ou visual, trastorno grave de conduta-déficit de atención e hiperactividade-, trastornos xeneralizados do desenvolvemento-trastorno autista-trastorno de Asperger-, plurideficiencia); **dificultades específicas de aprendizaxe** (lectura, expresión escrita ou cálculo); **altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo** (inmigrantes con descoñecemento da lingua castelá ou galega e con/sen desfase curricular) **ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable** (retraso madurativo, descoñecemento grave da lingua da instrucción por exemplo por unha afasia, con desfase escolar significativo derivado da súa pertencencia a minorías étnicas, por factores sociais, económicos, por escolarización irregular, por atención hospitalaria).



2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

Características do contorno, do centro e do alumnado.

O instituto de ensino secundario Val Miñor entrou en funcionamento no curso 1979/80 como centro nacional mixto de bacharelato. Desde ese inicio as instalacións nunca foron renovadas (agás a carpintería metálica) e atopámonos cun centro educativo con aulas pouco espaciaosas, con insalvables barreiras arquitectónicas e con inadecuadas instalacións deportivas.

A oferta educativa do IES comprende o ensino secundario obrigatorio e o postobrigatorio. No bacharelato pódese estudar as modalidades de ciencias sociais, humanidades e ciencias.

O alumnado da ESO procede nun 90% dos dous centros de educación primaria adscritos situados no centro da vila e na parroquia de Camos. Un 80% do alumnado de novo ingreso provén do CEIP Humberto Juanes, un 10% do CEIP da Cruz e un 10% doutros colexios do concello.

O alumnado de bacharelato provén, máis ou menos nun 60% de alumnado do propio centro que estudou a ESO e o outro corenta por cento do alumnado procede de diversos colexios, predominantemente privados concertados e dalgún centro público integrado da mancomunidade.

O desprazamento ao centro educativo por parte dos alumnos e alumnas é na súa meirande parte en autobús.

Os alumnos e alumnas presentan un perfil lingüístico e sociocultural bastante uniforme e empregan o galego nun índice moi baixo nas relacións sociais, feito continuador da liña á que tenden as vilas galegas que rexistran unha maior densidade de poboación. Non existen problemas derivados das diferenzas lingüísticas existentes entre os alumnos e alumnas.

En total, o IES posúe 16 unidades para un número de alumnos e alumnas que oscila arredor dos catrocentos. De xeito xeral, o 65% corresponde á ESO e o 35% ao ensino postobrigatorio.

O número de traballadores do centro está habitualmente entre 45-50 persoas. Neste curso trinta e nove compoñentes do persoal docente (nestes momentos, trinta e un con destino definitivo) e cinco de persoal non docente (dúas conserxes, dúas do persoal da limpeza e unha administrativa).

En xeral, as familias amosan interese polos estudos dos seus fillos e fan un seguimento continuado da súa evolución escolar. O 79% desexa que o seu fillo ou filla estude unha carreira universitaria e un 8% formación profesional.

Un importante número de pais, nais e titores legais están asociados á ANPA (arredor de 130 familias).

O alumnado, o profesorado, as familias e o persoal de administración e servizos valoran de xeito positivo o clima de convivencia existente no centro educativo.

O centro ten o seguinte horario: de 8:30 ás 14:15 horas e luns de 16:30 a 18:10.

Nigrán, concello no que o IES está situado, pertencente á mancomunidade do Val Miñor, e ten unha poboación de 17.715 habitantes (IGE 2014). A distribución da poboación polo seu nivel de estudos no ano 2001, reflectía que existía máis de un 11% de persoas con estudos superiores, un 8,2 ten estudos de F.P e a grande maioría ten estudos de bacharelato elemental ou superior, case un 40%. Por outra banda, hai preto dun 2% da poboación con menos de cinco anos de escolarización.

Con relación ao aspecto económico do concello, a capacidade económica das familias é a máis alta da mancomunidade de Vigo con 14.065 € /habitante. Por outra banda, segundo os datos estatísticos dos



declarantes de IRPF-2013 (datos da axencia tributaria) o nivel de renda está en 26.314 €. Este dato económico sitúa ao municipio de Nigrán no posto 232 do ránking nacional.

Con relación ao tecido industrial, as actividades predominantes son a metalurxia, a industria da madeira, a industria da alimentación, se ben a posta en funcionamento do polígono industrial de Porto do Molle e a instalación de empresas relacionadas con procesos tecnolóxicos producirá nos vindeiros anos un importante cambio nas características industriais do concello. Entre as actividades de servizos con maior grao de desenvolvemento destacan as actividades comerciais, actividades inmobiliarias e negocios de hostalería e restauración. (Datos da cámara de comercio de Vigo).



3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

A resposta do centro educativo vai consistir en detectar cales son as axudas que necesitan os alumnos e alumnas para progresaren na súa aprendizaxe. Para isto utilizaremos unha serie de técnicas e instrumentos como os que seguen:

- Observación.
- Cuestionarios.
- Entrevistas iniciais coa familia.
- Niveis de competencias.
- Probas informais de identificación: Escalas de observación: nominacións
- Probas estandarizadas: Wisch, k-bit, sociogramas, Badyg
- Tarefas dos alumnos e alumnas.
- Folletos informativos do DO sobre as características máis relevantes de determinadas dificultades e que nos poden servir de indicadores para detectar a alumnado con necesidades educativas específicas, por exemplo: altas capacidades, dislexia, déficit de atención...

Na identificación teñen un papel fundamental o profesorado, as familias, os compañeiros e servizos externos, como por exemplo: os servizos do servizo galego de saúde.

Unha vez identificadas as necesidades educativas estarase en condicións de realizar as correspondentes propostas: recursos necesarios para atendelas, obxectivos que se pretende acadar e estratexias curriculares e organizativas máis adecuadas.



4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

1. Detectar ou prever as necesidades de aprendizaxe que presentan os alumnos/as escolarizados/as neste centro e solicitar, se é o caso, os recursos materiais e humanos necesarios para desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
2. Establecer unhas liñas comúns de actuación entre todo o profesorado que faciliten a acción educativa e contribúan satisfactoriamente ás necesidades singulares de todo o alumnado.
3. Prestar atención e apoio (ordinario ou extraordinario) ás dificultades de aprendizaxe e os problemas de desenvolvemento persoal , afectivo e social e posibilitar situacións que favorezan a aprendizaxe e desenvolvemento emocional dos alumnos e alumnas .
4. Establecer unha coordinación fluída cos centros adscritos - CEIP da Cruz-Camos e CEIP Humberto Juanes -, para favorecer o proceso educativo dos alumnos e das alumnas que nun futuro inmediato virán ao noso centro.
5. Promover a cooperación entre o centro e as familias implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.
6. Acadar unha coordinación adecuada con profesionais especializados, tanto en ámbitos de psicopedagogía como de servizos sociais ou sanitarios da zona.
7. Manter actualizada unha base de datos dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo e facer un seguimento continuo da mesma.
8. Participar na recollida de experiencias exitosas e actividades innovadoras que sirvan de base para a realización e a planificación de programas ou intervencións no noso centro educativo.
9. Realizar un seguimento continuo do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado e sobre todo, de aqueles alumnos e alumnas que recibe unha medida extraordinaria de atención á diversidade.
10. Difundir as actuacións e medidas de atención á diversidade no centro.



5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E /OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓ Á DIVERSIDADE.

Enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en preventivas, ordinarias e extraordinarias.

5.1. Medidas preventivas

Neste apartado inclúese:

1. O enfoque que se da á acción tutorial (redactado no Plan de acción tutorial). Concebimos a aprendizaxe como a integración da dimensión cognitiva e emocional, nesta liña, incluiremos distintas actividades encamiñadas a reflexionar sobre a identidade persoal, o autoconcepto e as relacións interpersoais. Dentro deste marco da acción tutorial, o profesorado tutor desenvolverá accións para identificar en cada alumno e alumna as dificultades que poidan existir no seu proceso de aprendizaxe. O profesor/a tutor/a debe procurar que, sen prexuízo da peculiaridade de cada área, exista unha proposta pedagóxica común por parte do equipo docente do seu grupo de alumnos.
2. O compromiso de potenciar a comprensión lectora como base de toda a aprendizaxe.
3. A biblioteca como centro de recursos para a aprendizaxe.
4. A incorporación no currículo de técnicas e estratexias para o desenvolvemento de capacidades sociopersoais.
5. O patio escolar como espazo lúdico e educativo.
6. O aproveitamento do potencial socializador e de integración que posúen as actividades complementarias e extraescolares.
7. As actuacións previstas no plan de investigación, dinamización e innovación educativa das tecnoloxías da información e a comunicación.
8. Todos os expresados no noso plan de orientación académico e profesional que resalta o carácter experiencial da aprendizaxe que conleva a implicación, compromiso e responsabilidade por parte do alumnado.
9. A actualización anual da carpeta con pautas e orientacións do ACNEAE.
10. O estudo sobre as barreiras arquitectónicas, condicións de acceso ó centro, mobiliario, coordinación dos recursos humanos e materiais; labor que se desenvolverá ó comezo do curso.
11. A comunicación do profesorado, en especial, dos titores e titoras, co especialista en pedagogía terapéutica e co orientador.
12. O desenvolvemento de reunións por equipos educativos ó longo do curso, e fundamentalmente, nas avaliacións trimestrais.
13. A comunicación cos pais e nais e titores legais.
14. A comunicación co alumnado: expectativas, intereses....

15. O seguimento das distintas medidas de atención á diversidade adoptadas.
16. A análise dos resultados da avaliación de diagnóstico.
17. A avaliación inicial do estilo de aprendizaxe de cada alumno/a e a valoración e estudo dos cuestionarios sociométricos para facilitar un mellor clima de aula.
18. As reunións semanais fixas cos titores e as trimestrais cos axentes externos.
19. A Solicitude de axudas económicas do Ministerio de Educación para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
20. As previsións de apoios ao comezo de curso.
21. As materias optativas e a oferta de materias de libre configuración na ESO que combinadas coas áreas obrigatorias dará lugar a diferentes itinerarios formativos e posibilitará que o alumnado opte por eles en función dos seus intereses, motivacións e necesidades.
22. A distribución equilibrada do ACNEAE entre grupos do mesmo curso.

5.2. Medidas de apoio ordinario

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro.

b) **Adecuación das programación didácticas ao contorno e ao alumnado.** Co fin de lograr que o maior número de alumnos e alumnas poida conseguir os obxectivos do curso os departamentos concretarán nas correspondentes programacións didácticas os obxectivos, contidos e criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos como básicos para cada área, a súa secuencia e distribución por curso, así como os principios metodolóxicos adoptados.

c) **Metodoloxías que promovan a inclusión.** Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e cooperativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

d) **Adaptación dos tempos e instrumentos e procedementos de avaliación.** Teremos en conta que a avaliación de determinados alumnos e alumnas pode verse mellorada se priorizamos as probas orais, os exames escritos tipo test, se aumentamos o tamaño das preguntas nos exames escritos, se lle damos máis tempo ou lle reducimos o número de preguntas a contestar (por exemplo, no caso dos disléxicos) ou se na avaliación do alumnado, priorizamos as probas orais e no caso das probas escritas pode realizalas nun ambiente con menos distraccións co da clase (no caso dos hiperactivos). No caso do alumnado con trastornos xeneralizados de desenvolvemento é aconsellable realizar as probas de avaliación a través de preguntas curtas que esixan respostas concretas ou preguntas pechadas.

e) Medidas destinadas á mellora da convivencia

- Programa básico de habilidades sociais incorporado ao plan de acción tutorial.
- Impulsar o grupo de mediadores.
- Implantación do programa TEI (tutoría entre iguais).
- Fomentar o patio escolar como unha zona de encontro.

f) Desdoblamento de grupos.

g) **Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.** O reforzo educativo afecta a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía: secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos de alumnos. É dicir, elementos non prescritivos do currículo.



Será elaborado polo profesor ou profesora que imparte a área ou materia na que o alumno necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor ou titora. Este comunicarallo ao equipo directivo e á familia do alumno ou alumna. Farase constar no expediente académico e cun comentario no informe correspondente ás familias. Esta medida é un requisito previo para a participación dun alumno nun PEMAR.

h) **Programas de enriquecemento curricular.** Estas medidas baséanse na individualización da ensinanza e consisten en deseñar programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que se manteñen co seu grupo de clase. Como todas as medidas deben ser establecidas como un continuo que vai desde as medidas máis xerais nos documentos do centro, pasando polas adaptacións inespecíficas de aula (na metodoloxía, nos materiais, nos agrupamentos, etc) ata chegar á adaptación curricular que está suxeita a unha regulación específica como se explica a continuación nas medidas extraordinarias.

Na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado con sobredotación o máis frecuente é o uso de dous tipos de estratexias:

- As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical: consisten en aumentar a cantidade de contidos a aprender nunha ou varias áreas.
- A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, prevalecendo a profundización e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

i) **Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas** (lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e matemáticas). O alumnado de 1º curso que accedese á ESO por imperativo legal, aquel que repita 1º curso, aquel que promocionase a 2º curso sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais ou aquel que repita 2º curso, poderá seguir un programa de reforzo con atribución horaria. Os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas estarán baseadas nos mínimos esixibles das áreas para o curso que corresponde e suporán unha atención personalizada para lograr o grao de dominio suficiente expresadas nos ditos mínimos. O alumnado de 1º e 2º curso de ESO que curse os programas de reforzo de área instrumentais básicas quedará exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira.

j) **Programas de recuperación.** No suposto do alumnado que promociona a 2º da ESO coas áreas instrumentais suspensas e con outras materias suspensas, cando o departamento correspondente conte co profesorado que non teñan o seu horario lectivo completo, poderase establecer un programa para a recuperación das aprendizaxes das ditas materias. As ensinanzas do programa de recuperación de materias pendentes estarán baseadas nos mínimos esixibles do curso correspondente e a súa avaliación corresponderalle ao profesorado que imparta o dito programa. O alumnado que curse os programas de recuperación poderá quedar exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira.

No programa de recuperación de pendentes o titor ou titora informará ás familias do que debe recuperar o alumno ou alumna, cómo e cando debe entregar actividades, traballos ou realizar probas escritas.

k) **Programas específicos personalizados.** O alumnado repetidor de 1º e 2º de ESO seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado titor do curso anterior no informe de avaliación final e considerando a información obtida no proceso de avaliación inicial. Este programa será elaborado polo departamento da área ou materia correspondente e deberá incluír actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente. O alumnado repetidor de 3º e 4º de ESO, seguirá un programa específico personalizado nas mesmas condicións có alumnado de 1º e 2º de ESO, agás a súa incorporación aos programas de reforzo ou de recuperación

l) **Programas de habilidades sociais.** Corresponderalle á xefatura do departamento de orientación elaborar un programa básico de habilidades sociais que contemple, ademais actuacións para o desenvolvemento cognitivo, para o autoconhecimento e a mellora da autoestima para que o alumno utilice ou incorpore estratexias para comunicarse e enfrontar adecuadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social.

5.3. Medidas extraordinarias

Son as que se aplicaran unha vez esgotadas as medidas ordinarias

a) Adaptacións curriculares.

Enténdese por AC as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados; dos contidos, que tamén poderán ser modificados, completados e suprimidos e dos criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados ou mesmo suprimidos. O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ao alumno na que o alumno necesita esta medida extraordinaria.

a.1) Información recollida. No documento de Adaptación Curricular débese consignar a seguinte información segundo a Orde do 6 de outubro de 1995.

1. Datos persoais do alumno/a. (nome e apelidos, data e lugar de nacemento, etapa, curso e ciclo no que está escolarizado).
2. Datos físicos e de saúde. Características físicas e sensoriais, enfermidades padecidas ou crónicas...
3. Datos psicosociais máis relevantes (nivel intelectual e aptitudinal, trazos de personalidade, intereses manifestados, adaptación persoal e social....)
4. Datos do contorno sociofamiliar (profesión dos pais, número de membros da unidade familiar, expectativas familiares...)
5. Datos do contorno escolar (formas organizativas do centro, formas organizativas da aula, relacións e participación dos distintos servizos educativos...).
6. Datos pedagóxicos:
 1. Competencias xa adquiridas respecto do currículo de referencia.
 2. Necesidades educativas.
 3. Áreas curriculares adaptadas:
 - Obxectivos que se pretenden alcanzar
 - Contidos necesarios
 - Criterios de avaliación.
7. Estilo de aprendizaxe.
8. Recursos que se van a empregar (materiais e humanos)
9. Planificación do seguimento da adaptación curricular (adecuación da programación, rendemento do alumno/a...)
10. Profesionais participantes.

a.2) Criterios fundamentais que se deben manexar para determinar que un alumno/a se considera de adaptación curricular.

1. Que o alumno/a presente unha dificultades moi SIGNIFICATIVAS en comparación co resto dos seus compañeiros para acceder as aprendizaxes establecidas para o seu nivel, é dicir , un retraso académico xeneralizado en todas as áreas ou nunha determinada.
2. Que as dificultades que presenta o alumno/a non poidan ser resoltas polo propio profesor, que esgotou os recursos ordinarios de que dispón (cambios metodolóxicos, materiais distintos, máis tempo, etc.)

3. Que o alumno necesita unha axuda extra para resolver as súas dificultades. Alumnado con horas de apoio dentro e fóra da aula.
4. Que os alumnos/as xa veñan cualificados dese xeito de etapas ou cursos anteriores, aínda que este será un criterio sempre revisable.

a.3) Referente de avaliación para os alumnos con adaptación curricular.

A avaliación do alumno que siga unha adaptación curricular farase en función dos criterios de avaliación individualizados establecidos nela.

Como avaliamos cando un alumno sexa apoiado parcialmente fóra da aula?. A avaliación será efectuada de xeito conxunto entre os dous profesores: o de apoio e o da área apoiada en función dos criterios de avaliación individualizados establecidos na súa adaptación curricular individualizada.

b) Agrupamentos flexibles.

Na ESO poderanse establecer agrupamentos específicos transitorios para apoiar o alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe naquelas áreas curriculares que, ben por ter carácter instrumental para a aprendizaxe, como é o caso da lingua e das matemáticas, ben polo seu peso conceptual, reclaman unha atención máis individualizada cando se valore que dificilmente pode seguir o ritmo de aprendizaxe da aula ordinaria con simples medidas de reforzo educativo. Estes agrupamentos específicos poderán facerse nunha das áreas de Lingua e Literatura, e en Matemáticas, así como en Ciencias da natureza e en Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.

c) Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

Sempre constituirá un criterio importante a intervención máis temperán posible de xeito que na etapa de secundaria a menor idade máis prioridade. Polo tanto, priorizaremos os apoios nos niveis máis baixos. E sobre todo, con aquel alumnado con adaptación curricular ou con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe.

En definitiva, priorizaremos os apoios no 1º curso da ESO, sobre todo, con aqueles alumnos e alumnas -exentos da segunda lingua estranxeira- que xa recibiran reforzo educativo fóra da aula ou tiveran unha adaptación curricular nas áreas instrumentais en Educación Primaria, alumnado que accede a ESO por imperativo legal e/ou alumnado repetidor con serias dificultades de razoamento, de cálculo, coa lectoescritura. Apoiarase preferentemente nas áreas instrumentais: lingua e literatura galega, lingua e literatura castelá e matemáticas. Quedarían excluídos do apoio aquel alumnado que obteña un baixo rendemento académico imputable a súa falta de esforzo, atención e estudo. Podería existir algunha excepción sempre e cando o equipo docente valore que deixaría de manifestar estas actitudes negativas nun grupo reducido e cunha atención máis personalizada.

d) Flexibilización da duración do período de escolarización.

O alumnado con necesidades educativas especiais ou de altas capacidades poderá ser obxecto de medidas de flexibilización da súa escolarización nas diferentes etapas do ensino non universitario. A escolarización na ESO poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral.

e) Programas de mellora da aprendizaxe e rendemento (PMAR)

Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento constitúe unha medida de atención á diversidade que se pode desenvolver a partir do segundo curso da educación secundaria obrigatoria.

Nos devanditos programas utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e, de ser o caso, de materias diferentes ás establecidas con carácter xeral, coa finalidade de que os alumnos e as alumnas poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Estes programas van dirixidos preferentemente a alumnos e alumnas que presenten dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables á falta de estudo ou esforzo. O equipo docente poderalles propor aos pais, ás nais ou aos/as titores/as legais a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento dos/das alumnos/as que repetisen cando menos un curso en calquera etapa e que, logo de cursado o primeiro curso de educación secundaria obrigatoria, non estean en condicións de promoción ao segundo curso, ou que logo de cursar o segundo curso non estean en condicións de promoción ao terceiro. O programa desenvolverase ao longo dos cursos segundo e terceiro no primeiro suposto, ou só en terceiro curso no segundo suposto.

f) Ciclos de formación profesional básica.

A oferta obrigatoria dos ciclos formativos de formación profesional básica está destinada ao alumnado escolarizado que cumpra os requisitos de acceso a estas ensinanzas, e cuxo grao de adquisición das competencias non sexa o adecuado para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e, malia iso, sexa o adecuado para que poida alcanzar o título profesional básico.

O alumnado debe cumprir de forma simultánea os seguintes requisitos:

- Ter quince anos, ou facelos durante o ano natural en curso, e non superar os dezasete anos no momento do acceso nin durante o ano natural en curso.
- Ter cursado o primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso de educación secundaria obrigatoria.
- Ser propostos/as polo equipo docente ao pai, á nai ou á persoa que teña a titoría legal para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica.

g) **Atención educativa hospitalaria e domiciliaria.** Atención educativa ao alumno que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

Neste apartado podemos falar da atención educativa domiciliaria.

A atención educativa hospitalaria fai referencia ao conxunto de accións que se desenvolven nas aulas hospitalarias para compensar a desvantaxe educativa que presenta o alumnado que permanece hospitalizado durante períodos prolongados por motivos de enfermidade ou accidente. Así mesmo contempla a atención educativa ao alumnado que, sen estar hospitalizado, recibe atención médica no hospital de día. Este tipo de atención educativa é desenvolvido a través do profesorado das aulas hospitalarias.

Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- c) Curta hospitalización: menos de quince días.

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades de carácter xeral.

A atención educativa domiciliaria corresponde a atención educativa que recibe o alumnado cando, despois de padecer unha enfermidade ou de sufrir un accidente, e por prescrición facultativa, deba



permanecer convalescente no domicilio familiar, sen poder asistir ao centro educativo durante un período de tempo superior a un mes.

Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalescente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

Para o proceso de atención educativa ao alumnado durante a súa convalecencia no domicilio familiar a demanda deberá ser formulada pola familia á dirección do centro educativo de referencia, xuntando o informe médico que certifique que a persoa enferma deberá permanecer no domicilio familiar por espazo de tempo superior a un mes. Desde a dirección tramitarase ao correspondente servizo de inspección educativa. A titora ou titor, xunto co departamento de orientación velará pola elaboración da proposta curricular para traballar co alumnado no seu domicilio, que será trasladada ao profesorado de atención domiciliaria. A finalidade deste profesorado é servir de vencello entre o centro educativo, a aula hospitalaria, se for o caso, e o alumnado no seu domicilio.

Durante a convalecencia no domicilio familiar, o centro ten que potenciar a continuidade da relación do alumnado co seu profesorado e co seu grupo clase para que se sinta parte integrante do mesmo igual que o era antes da súa enfermidade.

h) Grupos de adquisición das linguas.

Para esta medida e a seguinte seguiremos a orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro. Esta medida esta dirixida ó alumnado que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia. Os grupos de adquisición das linguas poderanse desenvolver na educación primaria e na educación secundaria obligatoria e, excepcionalmente, no último curso de educación infantil. O profesorado encargado na educación secundaria obrigatoria dos grupos de adquisición das linguas pertencerá preferentemente ás especialidades de tipo lingüístico. En educación infantil o profesorado encargado será o profesor de apoio desta etapa e en educación primaria o profesorado encargado será o que teña dispoñibilidade horaria, preferentemente do curso ou do ciclo onde estea escolarizado o alumnado ou o profesorado que teña un nivel de coñecemento aceptable da lingua materna do alumno ou alumna.

O alumnado poderá formar parte destes grupos un tempo máximo dun trimestre, se ben poderá ser ampliable excepcionalmente coa autorización da inspección educativa.

i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

Os grupos de adaptación da competencia curricular están dirixidos tamén ao alumnado procedente do estranxeiro e son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado. A permanencia nestes grupos levarase principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental.

Na educación secundaria o profesorado encargado dos grupos de adaptación da competencia curricular pertencerá preferentemente a algunha das especialidades que correspondan ás materias obxecto de reforzo desa competencia.

6. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DE MEDIDAS PROPOSTAS.

Para a organización e distribución dos recursos e en función das medidas de atención á diversidade adoptadas teremos en conta o seguinte:

- Propiciar unha coordinación adecuada entre os profesionais que atenden ao alumnado: profesor titor e doutras áreas e compoñentes do departamento de orientación para unificar criterios de actuación nos aspectos curriculares e organizativos.
- Na organización do tempo, confeccionar os horarios tendo en conta os apoios.
- Intervir co grupo para sensibilizalos dos distintos ritmos de aprendizaxe dos compañeiros e compañeiras.
- Establecer un sistema de agrupamento de clase flexible, no que convivan o mesmo tempo equipos fixos e flexibles tanto heteróxeneos como homóxeneos.
- Propiciar distintos espazos de actividade na aula, dotando de recursos de consulta e experimentación onde os alumnos poidan encontrar a información necesaria.
- Fomentar a integración da biblioteca da aula e do centro nos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Facilitar o uso xeral dos recursos materiais e, en especial, das novas tecnoloxías, en igual medida a todos os alumnos e en toda a súa escolarización e conseguir o acceso a recursos ou materiais adicionais, se é necesario.
- Establecer medidas flexibles de organización da aula que nos permitan decidir a situación máis idónea para un alumno ou alumna para que realice as tarefas escolares no mellor contorno posible, e o mesmo tempo que nos permita a redistribución do alumnado con problemas de regulación do comportamento nas aulas.
- Eliminar todas as barreiras arquitectónicas, co fin de posibilitar o acceso a todos os servizos e espazos do centro escolar. Neste sentido, o noso centro aínda conta con determinadas zonas inaccesibles no caso de escolarizar a un alumno ou alumna con discapacidade motora.

Finalmente deberemos ter en conta que para o profesorado que non teña o seu horario lectivo completo a atención á diversidade será actividade prioritaria sobre calquera outra das establecidas na Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.

7. DISTRIBUCIÓN DE RESPONSABILIDADES. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

1. Información ás familias. O titor ou titora do alumno ou alumna terá que informar as nais, pais ou titores legais da aplicación das actuacións e medidas de atención á diversidade que se consideren co seu fillo ou filla.

2. Redacción da Adaptación Curricular. Responsables de facer os distintos apartados das adaptacións curriculares.

- (a) O departamento de orientación previamente a unha adaptación curricular debe facer un informe psicopedagóxico do alumno ou alumna e nel recolle practicamente os apartados 1, 2, 3, 4 e 5. Polo tanto, corresponderá o orientador redactar eses apartados.
- (b) Neste documento recóllense datos relativos a diagnósticos e tratamentos, polo tanto, deben estar especialmente protexidos segundo a lei orgánica de protección de datos de carácter persoal (lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro).
- (c) O apartado 6 correspóndelle facelo e redactalo ao profesor ou profesora de cada área ou materia adaptada, establecendo:
 - 1. o nivel de competencia curricular, os contidos que o alumno ou alumna coñece desa materia.
 - 2. os obxectivos que pretende conseguir con ese alumno en concreto, contidos que vai traballar e criterios de avaliación deses obxectivos.
- (d) O orientador unha vez que teña os datos do apartado 6, elaborará o documento definitivo de adaptación curricular, e achegaráo o titor/a e o director para que o asinen.
- (e) Posteriormente enviarase a inspección educativa. Prazo: de xeito preferente no 1º trimestre do curso.

Con relación a posta en práctica de novas metodoloxías e en especial das novas tecnoloxías unha comisión traballará en función da súa dispoñibilidade horaria, no asesoramento nas TICS, en pequenos grupos. Nestas sesións trataranse os coñecementos de informática necesarios para poder traballar coas ferramentas que nos ofertan as novas tecnoloxías e o traballo con distintos programas educativos.

Con relación á convivencia unha comisión e o observatorio ten asignadas funcións específicas e de coordinación. No horario do profesorado asignarase ás persoas que impulsen estas medidas, as horas de función titorial específica en dinamización de convivencia.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.

Co obxectivo de establecer unha serie de pautas comúns entre os distintos profesionais que atenden aos alumnos e alumnas o noso centro temos establecido unha serie de mecanismos de coordinación como os que seguen:

- reunións trimestrais coas orientadoras dos centros adscritos CEIP Humberto Juanes e CEIP da Cruz-Camos. para intercambiar información sobre: xornadas de acollida, alumnado de reforzo educativo ou ACS, exención de segunda lingua estranxeira, elaboración de protocolos...
- Reunións dos órganos de goberno.
- Reunións dos órganos colexiados
- Reunións de traspaso de información sobre o alumnado do centros adscritos.
- Reunións de departamentos didácticos.
- Intercambio de información a través de reunións cos equipos psicopedagóxicos externos que atenden a ACNEAE.
- Reunións dos titores coa xefatura de estudos e co orientador.
- Reunións coas orientadoras do centro adscrito e o orientador do IES.
- Intercambio de información coas familias.
- Reunións dos equipos docentes.

9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

Como sinala a lóxica hoxe en día, ninguén pon en dubida a necesidade de que a familia e profesionais dos ámbitos sanitario, social e educativo colaboren co fin de unir esforzos para obter os mellores resultados na educación dos rapaces e rapazas en xeral e, moito máis aínda, na daqueles persoas que teñan necesidades especiais.

Necesitase a colaboración da familia porque:

- As nais e os pais son quen mellor coñecen os seus fillos.
- Dispoñen de información relevante para poder realizar a diagnose e deseñar a intervención: historia evolutiva, intereses, hábitos...
- Necesitase a súa colaboración para incidir explícitamente naqueles espazos que están fóra do ámbito escolar (parque de xogos, a rúa, a casa...)
- Necesitase a súa participación para favorecer o nivel de autonomía dos seus fillos e fillas.

Entre as familias e o profesorado, xurde cada vez con máis forza a necesidade dunha axeitada e fluida comunicación entre ambos sistemas: o familiar e o escolar. A maior incidencia de distintos problemas na escola, en parte polos cambios na estrutura social outorga unha gran importancia a necesidade dunha intervención consensuada entre o profesorado e as familias, de xeito que os primeiros se sintan apoiados nas súas propostas, ó tempo que os segundos perciban que se valora a súa tarefa no día a día da realidade familiar.

Obxectivos con relación ás familias:

- Informar ás familias daquelas actitudes que poden influír positiva ou negativamente na educación dos seus fillos.
- Recoñecer as familias como axentes do seu propio cambio e dotadas de recursos.
- Intercambiar información para unificar criterios de actuación.
- Avaliar a capacidade de cambio da familia centrándonos nas súas potencialidades e non nas súas debilidades.
- Clarificar diferenzas na percepción de problemas, centrándose en cómo ocorren e non no por qué e fortalecer os regras e os límites.
- Fomentar o interese polos estudos e colaborar no control e planificación do traballo escolar na casa.

Por todo isto, as actividades máis significativas encamiñanse nos seguintes aspectos:

- Realizar entrevistas con aqueles profesionais que poidan estar implicados coa familia e co alumnado: titores, educadora familiar, asistente social, equipo docente...



- Enviar información ás familias sobre aquilo que afecta a escolaridade e as medidas de atención á diversidade que poden ser adoptadas cos seus fillos.
- Información das reunións periódicas: xerais, ó comezo do curso e de xeito individualizado ao longo do curso para intercambiar información.
- Indicación dos programas e actividades ordinarias e extraescolares que se desenvolven no centro educativo.
- Consolidación da escola de pais e nais en colaboración coa Mancomunidade do Val Miñor coa finalidade de axudar ás familias a desenvolver habilidades para enfrontarse ós problemas que poidan xurdir dentro da escola.
- Cubrición de fichas de seguimento das opinións do conxunto do profesorado para acadar unha perspectiva global do rendemento do alumnado.
- Cubrición dun protocolo de actuación coa educadora familiar do Concello de Nigrán ante os posibles casos de abandono ou desamparo.
- Organización de charlas informativas relacionadas coa educación integral dos alumnos e alumnas.
- Divulgación por medios impresos e electrónicos información de axuda para o desenvolvemento integral do alumnado, particularmente nos ámbitos referidos a: mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia.
- Utilización das tics para intercambiar información garantindo a protección de datos.

Por outra banda, estableceremos unha intervención de colaboración e axuda cos servizos sociais do concello, cos servizos sanitarios facilitando información seguindo os protocolos da consellería de Educación; colaboración cos equipos de orientación específicos e co servizo de inspección educativa en todos as demandas que solicite.

10. SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Os protocolos a seguir para a solicitude e/ou a autorización de medidas extraordinarias son:

10.1. Adaptacións curriculares.

O centro realizará unha reunión coordinada polo xefe de estudos á que asistirán o titor, os profesores que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidirse a pertinencia da adaptación curricular, así como aqueles elementos do currículo que, se é o caso, deberán ser modificados.

A solicitude e autorización: o director ou directora do centro enviará a proposta de adaptación curricular ao correspondente servizo provincial de inspección que procederá a súa aprobación se reúne todos os requisitos legais.

10.2. Flexibilización do período de escolarización.

Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica a dirección do centro elevará ao inspector de educación durante o período comprendido entre o 1 e o 15 de xuño a seguinte documentación:

- a) o informe do profesor titor ou titora que coordine o equipo de docentes que imparte ou impartiu docencia ao alumno ou alumna en cuestión.
- b) O informe sobre o resultado da avaliación psicopedagóxica realizada polo departamento de orientación.
- c) A proposta concreta de adaptación do currículo.
- d) A conformidade dos pais ou tutores legais .

Finalmente a inspección educativa elaborará un informe sobre a idoneidade ou non da proposta de flexibilizar o período de escolarización, así como das medidas de adaptación curricular que acompañan.

A xefatura territorial correspondente remitiralle antes do 30 de xuño a documentación sinalada anteriormente ao director xeral de ordenación educativa e formación profesional, quen resolverá nun prazo dun mes e enviará a comunicación á xefatura territorial e á dirección do centro.

10.3. Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento.

Para determinar a incorporación dun alumno ou alumna a un programa de mellora da aprendizaxe e rendemento, requirirá a avaliación tanto educativa como psicopedagóxica, a través de informe do equipo docente e do ditame emitido polo Departamento de Orientación, e realizarase despois de oídos/as os/as propios/as alumnos/as, e os seus pais ou as súas nais ou tutores/as legais.

- a) Proposta razoada do equipo de profesores do grupo ao que pertence o alumno ou alumna, expresada mediante un informe individualizado, elaborado pola persoa titora, que será remitido ao departamento de orientación e no que se fará constar:
 - A competencia curricular do alumno ou alumna en cada materia e as dificultades de aprendizaxe presentadas.
 - As medias de atención á diversidade aplicadas.



- Os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno se integre nun PEMAR.

b) A xefatura do departamento de orientación procederá a realizar un ditame no cal se incluírán as conclusións da avaliación psicopedagóxica, o resultado da reunión da persoa titora ou orientador co alumno ou alumna, cos pais e nais ou representantes legais, para formularlles a conveniencia da súa incorporación a un programa de mellora do aprendizaxe e rendemento. Deixarase constancia escrita da opinión dos pais ou representantes legais.

c) Envío da proposta ao servizo de inspección educativa para a súa autorización.

10.4.- Formación Profesional Básica. Para realizar a proposta de incorporación dun alumno ou dunha alumna a **un ciclo formativo de formación profesional básica** seguirase o procedemento seguinte:

1. O equipo docente dos grupos da educación secundaria obrigatoria con alumnado que poida ser proposto para realizar ciclos formativos de formación profesional básica, xunto co xefe ou a xefa do Departamento de Orientación, realizarán unha reunión onde se analice a situación escolar do alumnado en risco de non alcanzar o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Nesta reunión establecerase unha relación de alumnado susceptible de se incorporar ás ensinanzas de formación profesional básica, que será asinada por todo o equipo docente e o xefe do departamento de orientación. Con carácter xeral, esta reunión coincidirá coa sesión de avaliación final ordinaria do mes de xuño ou, de ser o caso, coa sesión de avaliación das probas extraordinarias do mes de setembro.
2. Posteriormente, o titor ou a titora elaborarán para cada alumno ou alumna o consello orientador, coa axuda do xefe do departamento de orientación, no cal se fará constar:
 1. O grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias que xustifican a proposta.
 2. As dificultades de aprendizaxe presentadas.
 3. As medidas de atención á diversidade aplicadas, de ser o caso.
 4. Os motivos razoados polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna se integren nun ciclo formativo de formación profesional básica.

O consello orientador emitirase por duplicado e irá asinado polo titor ou a titora do alumno ou da alumna, en nome do equipo docente, o xefe do departamento de orientación e a persoa encargada da dirección do centro educativo.

3. A dirección do centro comunicaralles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais do alumno ou da alumna que este/a foi proposto/a para un ciclo formativo de formación profesional básica, e entregará un exemplar do consello orientador e o documento no cal, de ser o caso, darán o consentimento para incorporar o alumno ou a alumna a estas ensinanzas.
4. O documento de consentimento deberá vir debidamente cuberto e asinado por calquera dos/as titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio destes, será necesaria a sinatura de ambos os proxenitores, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. Nestes casos, será necesario presentar, xunto co documento, a resolución xudicial correspondente para que o centro educativo a cotexe.
5. No caso de que o pai, a nai ou os/as titores/as legais do alumno ou da alumna dean o consentimento para o/a incorporar a estas ensinanzas, a dirección do centro educativo entregaralles por duplicado o documento de comunicación de incorporación á formación profesional básica. Un dos exemplares deberá ser entregado no centro onde o alumno ou a alumna soliciten a súa admisión.



6. Un exemplar do consello orientador e, de ser o caso, do documento de consentimento incluíranse no expediente académico.

11. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O seguimento e avaliación dos diferentes plans e programas constituirán os procesos básicos no axuste e na mellora da atención á diversidade.

O seguimento realizarase, sobre todo, a través das reunións de coordinación que hai establecidas nos distintos departamentos. E nas reunións semanais cos titores faise un frecuente seguimento das medidas de atención adoptadas no centro educativo.

Do mesmo xeito, nas xuntas de avaliación farase unha valoración global e particular das dificultades atopadas nos distintos cursos e cos distintos alumnos/as con necesidades educativas de apoio educativo.

Evidentemente, a valoración global das accións realizadas reflectirase nunha memoria final na que se indicará o nivel de consecución dos obxectivos previstos no plan anual, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse ao plan anual do curso seguinte.

Neste seguimento e avaliación participará toda a comunidade educativa e algúns dos criterios que non servirán de guía son os que seguen:

- ◇ Se se utilizan distintas técnicas de aprendizaxe colaborativa e se fai uso das novas tecnoloxías.
- ◇ Se se incluíu no deseño das tarefas accións do proxecto lector, do plan TIC, do plan de convivencia.
- ◇ Se é tido en conta os elementos que provocan diversidade: aptitudes, intereses e estratexias de aprendizaxe.
- ◇ Se nas xuntas de avaliación establece medidas e compromisos que poidan axudar a superar esas dificultades.
- ◇ Se utilizamos correctamente os protocolos nas distintas actuacións.
- ◇ Se existe un deseño de proxectos interdisciplinares de traballo.
- ◇ Valorarase se existe un apoio coordinado entre todos os profesionais que poidan atender a un alumno, tanto profesionais do centro como externos.
- ◇ Valorarase se se facilitan informacións ás familias para favorecer o desenvolvemento integral do rapaz/a.
- ◇ Identifícanse estatisticamente ós alumnos que están recibindo medidas de apoio.
- ◇ Elabóranse enquisas, cuestionarios para averiguar as causas diversas que poden influír na aprendizaxe do alumnado.
- ◇ Establecese unhas liñas comúns de actuación entre todo o profesorado.
- ◇ Nivel de cumprimento dos compromisos educativos acordados cos alumnos e alumnas e coas familias.
- ◇ Resultados acadados nas distintas avaliacións.